

## 1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

### INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva (a C11 á C12), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinala na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.  
  
Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- En caso de erro tipográfico ou de transcripción entre o texto editado en galego e o editado en castelán, do cuestionario bilingüe, prevalece este último aos únicos efectos da súa comprensión lóxica, sen prexuízo das aclaracións vinculantes que de viva voz poida advertir o tribunal durante a realización desta proba. Así mesmo, algúns termos técnicos, neoloxismos ou outras expresións de difícil correspondencia na tradución, poderán expresarse de maneira unívoca.
- 9.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS  
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS  
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

**EXAME EN GALEGO**

**1. A Lei 8/2008, de saúde de Galicia, establece que a atención especializada caracterízase por:**

- A) Unha alta intensidade dos cuidados requiridos.
- B) A verificación do cumprimento dos estándares sanitarios definidos.
- C) Un enfoque global e integrado da atención da saúde.
- D) A medición do nivel de saúde da poboación e a identificación dos problemas e riscos da saúde.

**2. O artigo 5 da Lei 55/2003, do estatuto marco establece que o persoal estatutario dos servizos de saúde clasifícase atendendo a:**

- A) O tipo do seu nomeamento.
- B) O nivel do título esixido para o ingreso.
- C) A función desenvolvida.
- D) Todas as respostas son correctas.

**3. Segundo a Lei 3/2001 de consentimento informado, cal dos seguintes informes NON será conservado indefinidamente na historia clínica?**

- A) Follas de consentimento informado.
- B) Follas de petición de interconsulta.
- C) Informes de anestesia.
- D) Informes de exploracións complementarias.

**4. Conforme á Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais, constituirase un Comité de Seguridade e Saúde en todas as empresas que contén con:**

- A) 50 ou máis traballadores.
- B) 100 ou máis traballadores.
- C) 150 ou máis traballadores.
- D) 200 ou máis traballadores.

**5. Segundo o establecido no Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, sinala cal NON é un requisito para poder participar nos procesos de selección de persoal estatutario fixo:**

- A) Ter cumpridos vinte e un anos e non exceder a idade de xubilación forzosa.
- B) Posuír a titulación esixida na convocatoria ou estar en condicións de obtela dentro do prazo de presentación de solicitudes.
- C) Non ser separado do servizo, mediante expediente disciplinario, nos seis anos anteriores á convocatoria.
- D) Posuír a capacidade funcional necesaria para o desempeño das funcións que deriven do correspondente nomeamento.

**6. Para os efectos da Lei 15/1999, de protección de datos de carácter persoal , enténdese por responsable do ficheiro ou tratamento:**

- A) A persoa física titular dos datos obxecto de tratamento.
- B) O órgano administrativo que custodia os datos.
- C) O representante público que decide sobre o uso do ficheiro.
- D) A persoa física ou xurídica, de natureza pública ou privada, ou órgano administrativo, que decida sobre a finalidade, contido e uso do tratamento.

**7. De conformidade co previsto na Lei 55/2003, do estatuto marco, cal dos seguintes complementos retributivos está destinado a remunerar o nivel do posto que se desempeña?:**

- A) Complemento de produtividade.
- B) Complemento de destino.
- C) Complemento específico.
- D) Complemento de atención continuada.

**8. De acordo co previsto no Estatuto de autonomía de Galicia, o Parlamento elixirá de entre os seus membros:**

- A) Unha Deputación Permanente.
- B) Un Presidente.
- C) A Mesa.
- D) Todas as respostas son correctas.

**9. A Lei xeral de sanidade ten por obxecto:**

- A) A regulación do réxime de Seguridade Social.
- B) Establecer a estrutura do Sistema Sanitario.
- C) A regulación de todas as accións que permitan facer efectivo o dereito da protección da saúde recoñecido na Constitución.
- D) A regulación dos recursos sanitarios.

**10. Segundo o artigo 43 da Constitución española de 1978 compete aos poderes públicos en relación co dereito á saúde:**

- A) Organizar e tutelar a saúde pública a través de medidas preventivas e das prestacións e servizos necesarios.
- B) Determinar as prestacións sociosanitarias das persoas dependentes.
- C) Xestionar o réxime de seguridade social para os españois.
- D) Determinar os feitos constitutivos de delito sanitario.

#### Preguntas de reserva

**1. A Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais define o "risco laboral" como:**

- A) Calquera máquina, aparato, instrumento ou instalación utilizada no traballo.
- B) Os accidentes de traballo e enfermidades profesionais.
- C) A posibilidade de que un traballador sufra un determinado dano derivado do traballo.
- D) Os procesos, actividades e operacións desenvolvidas no traballo.

**2. O artigo 67 da Lei 55/2003 do estatuto marco, establece que para obter o pase á situación de excedencia voluntaria por interese particular será preciso prestar servizos en calquera das administracións públicas durante:**

- A) Os dous anos inmediatamente anteriores.
- B) Os dez anos inmediatamente anteriores.
- C) Os cinco anos inmediatamente anteriores.
- D) Os tres anos inmediatamente anteriores.